


Carvalho Calero: Día das Letras Galegas Xa!!



Don Ricardo recibiu o título de Fillo Predilecto o día 7 de xaneiro de 1990

A intensa e fecunda vida do profesor Carvalho Calero comeza en Ferrol o 30 de outubro de 1910, co seu nacemento no nº 51 da rúa San Francisco. Foi o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, cidade na que morreu o 25 de marzo de 1990.

Ensaísta, novelista, autor teatral, poeta destacadísimo, estudoso de temas filolóxico – lingüísticos e literarios, conferenciante... Carvalho Calero cumpriu un papel destacadísimo, diríamos mellor que foi peza clave da investigación lingüística e literaria galega, non só polo seu valor docente preparando a varias xeracións do profesorado destas especialidades, senón tamén polo traballo realizado por el. *A Gramática Elemental do Galego Común* (coa que superou todas as precedentes e actualizou con rigor científico o estudo da lingua) e a *Historia*

da *Literatura Galega Contemporánea* (onde realizou por primeira vez un esforzo de investigación da nosa literatura do século XIX, e unha

“ O Bloque Nacionalista Galego, sumase a todos os que demandan que o 2009 se lle dedique a este galego inmorredoiro ”

interpretación crítica dos escritores que desde Rosalía a Cunqueiro cubriron un proceso fundamental na historia das nosas letras contemporáneas), son dous títulos clásicos; dúas obras clásicas para achegarse a estas disciplinas.

O BNG de Ferrol propuxo polo rexistro municipal, en 1988, o nomeamento de Carvalho Calero como Fillo Predilecto do concello, e a convocatoria dun premio literario, como contribución de Ferrol á honra do seu nome e ao estímulo das nosas letras. Felizmente as dúas propostas foron aceptadas e Don Ricardo recibiu o título de Fillo Predilecto o día 7 de xaneiro de 1990, e o premio literario xa anda pola décimo oitava edición.

Non obstante, Carvalho Calero, figura fundamental do século XX, aínda non recibiu a homenaxe que merece, dedicarlle o Día das Letras Galegas. Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego, sumámonos a todos os que demandan que o 2009 se lle dedique a este galego inmorredoiro. Será un acto de xustiza e recoñecemento. Sobran as razóns.

Como contactar co BNG de Ferrol:
Rúa Galiano, 71. Ent. esquerda
15402 Ferrol
Tlf.: 981364058
Correo: ferrol@bng-galiza.org
Web: <http://www.bng-galiza.org/ferrol>

